

PROGRAMA

10.30 - 11.00 h

- Recepción de asistentes

11.00 - 11.15 h

- Inauguración e Presentación da IV edición da Ágora
- D. José Ramón Franco Caaveiro. Presidente da Asociación de Empresarios Ferrolterra

11.15 - 12.00 h

- “Aportemos ideas”. Coa participación de:
 - Representante do IGAPE
 - Representante da Administración Local
 - Representante da Universidade. Campus Ferrol
 - Representante da Autoridad Portuaria Ferrol-San Cibrao

12.00 h - 13.30 h

- Conferencia “Liderado por Confianza”
- D. José María Gasalla. Conferenciante, escritor e profesor de DEUSTO Business School

13.30 h - 14.00 h

- Presentación de conclusiones

14.00 h

- Clausura



Punta Arnela, s/n.
Edif. Usos Múltiples, 2º
15405 Ferrol
Tel. 981 333 305
Fax 981 333 302
info@empresarios-ferrolterra.org
www.empresarios-ferrolterra.org

Ferrolterra Constrúe

4ª EDICIÓN ÁGORA EMPRESARIAL FERROLTERRA



Lugar **Sercotel Odeón**

Data **xoves, 16 xullo**

Hora **10.30 h**

Proxecto cofinanciado



Colabora



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA E INDUSTRIA



FONDO SOCIAL EUROPEO
“O FSE inviste no teu futuro”



PRESENTACIÓN

A Asociación de Empresarios Ferrolterra é unha entidade comprometida co desenvolvemento empresarial e social do noso ámbito xeográfico que, como organización intersectorial, integra aos empresarios e profesionais das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Coincidindo co vixésimo aniversario da Asociación, organizouse a primeira edición da Ágora Empresarial Ferrolterra cuxo obxectivo foi impulsar unha actividade dirixida a un mellor coñecemento das ferramentas existentes no ámbito da innovación e a competitividade, así como poñer en valor o asociacionismo e a colaboración empresarial como factor clave, cunha conferencia a cargo de *Valerie Guillote* e *Pablo Serrano*. Coñecer de primeira man o tecido empresarial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, era outro dos obxectivos deste encontro.

Na segunda edición denominada “Ferrolterra Reaccioná”, coincidindo cunha etapa de profunda crise a todos os niveis, afectando especialmente ao tecido empresarial das nosas comarcas, presentouse un modelo de motivación persoal para propiciar unha mellora colectiva que combinaba unha mensaxe de illusión e optimismo de *Emilio Duró*, co coñecemento da nosa historia amosado por *Guillermo Llorca* e os modelos empresariais de futuro a través do enfoque de *Andrés Faíña*.

A terceira edición da Ágora “Ferrolterra Lidera”, apostou por unha xornada para reflexionar, debater e afondar na importancia da competitividade asociada á innovación e xestión do talento. Dérонse a coñecer casos de empresas que, a través da innovación, conseguiron manterse no mercado e fortalecer o seu proxecto. Compartiron as súas experiencias cos asistentes, analizando e facendo fincapé nos resultados que se poden acadar apostando por unha cultura innovadora nas diferentes áreas de xestión da empresa.

A competitividade da empresa a través da innovación e o liderado foi outra das temáticas que se abordaron da man de *Marcos Urarte*, *Elena Ferro* e *Dani Cerqueiro* como exemplos prácticos de empresas innovadoras.

Nesta cuarta edición da Ágora baixo o lema “Ferrolterra Constrúe” reforzarase a mensaxe das edicións anteriores e promoverase unha cultura de innovación e da competitividade. Estrútrase en dous apartados, unha primera parte na que, partindo da idea “somos unha asociación, realicemos cambios entre todos”, reunirá a empresarios, directivos, universidade, administración, IGAPE, etc. para analizar a realidade socioeconómica, aportar ideas e actuar para tratar de mellorar e favorecer o sector empresarial. A segunda parte aposta por afondar na importancia da innovación e a calidade directiva, cunha conferencia a cargo de **JOSÉ MARÍA GASALLA**.

OBXETIVOS

- Construír unha etapa renovada
- Crear unna nova dinámica empresarial de cultura colaborativa e cultura innovadora
- Favorecer o desenvolvemento da comarca e incrementar o emprego
- Impulsar a competitividade empresarial
- Apoiar as empresas na incorporación de procesos innovadores
- Integrar a estratexia da innovación na empresa
- Afondar na importancia da innovación e a calidade directiva

MESAS REDONDAS

“APORTEMOS IDEAS”

Intercambio de ideas, propostas para a mellora da relación entre a empresa e outros sectores sociais

Sectores:

- Administración Local
- Universidade da Coruña - Campus Ferrol
- Autoridad Portuaria Ferrol - San Cibrao
- Instituto Galego de Promoción Económica

CONFERENCIA



JOSÉ MARÍA GASALLA

Escritor, conferenciante e profesor de Deusto Business School.

- Enxeñeiro Aeronáutico
- Doutor en Ciencias Económicas e Empresariais
- Presidente do Grupo Desarrollo Organizacional
- Director de TALENTUM Conferencias
- Diplomado en Estudios Avanzados en Psicoloxía Social. Liña de Investigación, Confianza e Compromiso.
- Avaliador do proceso de acreditación de coachs profesionais senior e coachs executivos de AECOP (Asociación Española de Coaching)
- Consultor Internacional de recoñecido prestixio na área de cambio e desenvolvemento de organizacións
- Autor de moi diversas publicacións entre as que salientan os libros: “La nueva dirección de personas”, “Marketing para la formación de Directivos”, “Confianza. La clave del éxito personal y empresarial”, “Quién lidera confía”, “Asunto: Confianza y Compromiso”.

Blog: www.gasalla.com

Web: www.josemariagاسalla.es

